

Concello de Viveiro

EXPTE.- 2504/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 05 de abril de 2021 N.º 075, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, encádrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN do 02 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2021 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C) e se procede á súa convocatoria no ano 2021.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) *A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación...*”

Vista a base xeral 9.1, que sinala “(...) **Lista provisional.-** Terminado o prazo de presentación de instancias, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará Resolución declarando aprobada a lista de admitidas/os e excluídas/os, no seu caso. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 3 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...”

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE **LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS** AO PROCESO SELECTIVO:

A) ADMITIDOS:

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	ABAD LÓPEZ ANA MARÍA	EXENTA
2	DÍAZ AINSE IRIA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN	Realización proba de galego
BELLO POMBO INÉS	<p>Non acreditar o requisito sinalado na Base Xeral 4 c) e 6.c) :</p> <p>"(...) <i>Formación e experiencia en temas relacionados coa Igualdade de oportunidades por razón de xénero. A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades ou en materia de violencia de xénero, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria), segundo recolle o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, de regulamento dos CIM, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza...</i>"</p> <p>"(...) Copia da formación e experiencia en igualdade esixida no punto 4 c) das presentes bases. A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado polo menos 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades ou en materia de violencia de xénero, e a experiencia coa acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria) segundo recolle o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, de regulamento dos CIM, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza..."</p>	<p>NON EXENTA (Documentación non cotexada. Pode ser obxecto de subsanación)</p>

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 5 días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios dixital e na web do Concello, no referido prazo de 5 días poderase proceder á subsanación dos requisitos e documentación que sexan subsanables segundo o establecido nas bases.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Contra esta resolución os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

